BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
LUNS, 22 DE XUÑO DE 2020 N.º 142
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# XUNTA DE GALICIA

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS

*Anuncio*

**Resolución do 26 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se outorga autorización administrativa de construción, se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico experimental NED 1ª Fase (200 kW) e da súa liña eléctrica de evacuación de media tensión (20 kV), sito no Concello da Pastoriza (Lugo) e promovido por Norvento Tecnología, S.L.**

Examinado o expediente iniciado por solicitude de Norvento Tecnología, S.L. (anteriormente, Norvento Energía Distribuida, S.L.), en relación coa autorización de construción, así como coa declaración de utilidade pública do parque eólico experimental NED 1ª Fase (200 kW) e da súa liña eléctrica de evacuación de media tensión (20 kV), constan os seguintes

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.** O 23.12.2016, Norvento Energía Distribuida, S.L. (en adiante, o promotor) presentou ante esta dirección xeral a solicitude de autorización administrativa de construción e a declaración de utilidade pública, en concreto, do parque eólico experimental NED 1ª Fase (200 kW) e da súa liña eléctrica de evacuación de media tensión (20 kV).

**Segundo.** O 24.1.2017, o promotor presentou a Relación de Bens e Dereitos Afectados incluída no documento *Declaración utilidad pública. Proyecto de ejecución del parque eólico experimental NED (1ª Fase) y línea de evacuación. Enero 2017.*

**Terceiro.** O 24.1.2017, o promotor solicitou ante esta dirección xeral o recoñecemento de parque eólico experimental con alto compoñente en I+D+i para o parque eólico experimental NED (2 MW).

**Cuarto.** O 22.2.2017, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas emitiu resolución pola que se recoñece a condición de parque eólico experimental con alto compoñente en I+D+i ao parque eólico experimental NED (2 MW).

**Quinto.** Por Resolución do 10 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, someteuse a información pública a declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico experimental NED 1ª Fase (200 kW) e da súa liña eléctrica de evacuación de media tensión (20 kV), sito no Concello da Pastoriza (Lugo).

A citada resolución publicouse no Diario Oficial de Galicia do 1.6.2017, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 9.5.2017, e no xornal *El Progreso* do 11.5.2017. Así mesmo, permaneceu exposta ao público nos taboleiros de anuncios do concello afectado, da xefatura territorial e desta dirección xeral.

A continuación resúmese o contido das alegacións presentadas durante o período de información pública por, José Mel Redondo, o 22.5.2017 e o 24.5.2017; María Beatriz Ovalle Neira, o 24.5.2017; Valentín Rivas García, o 26.5.2017; Manuel Nieto López, o 1.6.2017:

- Solicitudes de desprazamento dos apoios 14, 16 e 17 da liña eléctrica de evacuación. O 8.6.2017 e o 22.6.2017, o promotor indicou que atenderá ao desprazamento dos apoios núm. 16 e núm. 17.
- Existencia de erros na Relación de Bens e Dereitos Afectados, maioritariamente en relación coa titularidade das fincas afectadas e coas superficies afectadas.

**Sexto.** O 17.4.2017, a dirección xeral remitiulles, a fin de obter os correspondentes condicionados técnicos, as separatas do proxecto de execución aos seguintes organismos: Concello da Pastoriza, Retegal, S.A., Deputación Provincial de Lugo, Cellnex Telecom, S.A. e Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

**Sétimo**. O 18.5.2017, o Concello da Pastoriza informou que non vai establecer ningún condicionado técnico. O 8.6.2017, o promotor manifestou a súa conformidade.

**Oitavo**. O 23.5.2017, Retegal, S.A. emitiu o correspondente condicionado técnico. O promotor achegou a súa resposta o 8.6.2017.

Anuncio publicado en: Num BOP 142 año 2020 (22/06/2020 08:00:00)

**Noveno**. O 18.9.2017, reiterouse a solicitude da emisión do correspondente condicionado técnico á Deputación Provincial de Lugo.

**Décimo**. O 28.9.2017, Cellnex Telecom, S.A. emitiu o correspondente condicionado técnico. O promotor achegou a súa resposta o 16.2.2018.

**Décimo primeiro**. O 9.11.2017, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil emitiu o correspondente condicionado técnico. O 16.2.2018, o promotor manifestou a súa conformidade.

**Décimo segundo**. O 24.11.2017, de acordo co establecido na disposición transitoria terceira da Lei 5/2017, do 19 de outubro, o promotor solicitou a tramitación do expediente de acordo co procedemento establecido pola dita lei.

**Décimo terceiro**. O 28.12.2017, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático formulou a Declaración de Impacto Ambiental relativa ao parque eólico e a súa liña eléctrica de evacuación, que se fixo pública por Anuncio do 29 de decembro de 2017, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (DOG núm. 33, do 15 de febreiro de 2018).

**Décimo cuarto**. O 26.3.2018, a xefatura territorial emitiu o informe do cumprimento das limitacións á constitución de servidume de paso, de acordo co esixido no artigo 58 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, e no artigo 161 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

**Décimo quinto**. O 12.6.2018, a Dirección Xeral de Ordenación Forestal achegou a esta dirección xeral o informe de aproveitamentos de masas forestais, no marco do establecido no artigo 45 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, no que se indica que as instalacións previstas non afectan a montes veciñais en man común, nin a consorcios ou convenios asinados coa administración forestal.

**Décimo sexto**. O 1.3.2019, o promotor comunicou o cambio de denominación social de Norvento Energía Distribuida, S.L., co NIF B27389667, a favor de Norvento Tecnología, S.L., co NIF B27389667, achegando entre outra documentación, a *ESCRITURA DE ELEVACION A PUBLICO DE ACUERDOS SOCIALES DE LA ENTIDAD "NORVENTO TECNOLOGÍA, S.L."*, escritura núm. 2538 do 27.12.2018.

**Décimo sétimo**. O 7.3.2019, esta dirección xeral tomou razón da subrogación de dereitos e obrigas a favor de Norvento Tecnología, S.L., con respecto as instalacións do parque eólico experimental NED (2 MW) e da súa liña eléctrica de evacuación de media tensión (20 kV).

**Décimo oitavo**. O 8.3.2019, o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética emitiu informe en relación co *Proyecto de ejecución del parque eólico experimental NED (1ª Fase) y línea de evacuación (Diciembre 2016)*, asinado polo enxeñeiro industrial Pablo Fernández Castro, e visado polo ICAI o 27.02.2019 (Vis. 0118/19).

**Décimo noveno**. O 9.4.2019, a xefatura territorial informou que non existen dereitos mineiros afectados polas instalacións do parque eólico experimental NED 1ª Fase (200 kW) e da súa liña eléctrica de evacuación de media tensión (20 kV).

**Vixésimo.** O 31.5.2019, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo informou que o proxecto do parque eólico cumpre os requisitos de distancias ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado, establecidos no Plan sectorial eólico de Galicia.

**Vixésimo primeiro.** Por Resolución do 10 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, outorgouse autorización administrativa previa ás instalacións do parque eólico experimental NED (2 MW) e a súa liña eléctrica de evacuación, no concello da Pastoriza (Lugo) e promovido por Norvento Tecnología, S.L. (DOG núm. 206, do 29 de outubro).

**Vixésimo segundo.** O 12.12.2019, o promotor achegou a Relación de Bens e Dereitos Afectados actualizada do parque eólico experimental NED 1ª Fase (200 kW) e da súa liña eléctrica de evacuación de media tensión (20 kV), na que non se inclúe o desprazamento dos apoios núm. 16 e núm. 17 da liña de evacuación do parque eólico experimental.

**Vixésimo terceiro.** O 6.2.2020, esta dirección xeral requiriulle ao promotor a documentación actualizada na que se incluíse o citado desprazamento dos apoios núm. 16 e núm. 17 da liña de evacuación.

**Vixésimo cuarto.** O 13.2.2020, o promotor presentou a *Adenda proyecto de ejecución parque eólico experimental NED (1ª fase) y línea de evacuación (Febrero 2020)*, cunha declaración responsable na que o promotor declara que non se producen novas afeccións ás xa incluídas nas separatas remitidas aos organismos afectados, unha Relación de Bens e Dereitos Afectados actualizada, así como unha declaración responsable na que o promotor inclúe as parcelas coas que foi posible acadar acordos cos seus propietarios.

**Vixésimo quinto.** O 24.2.2020, o promotor achegou a Relación de Bens e Dereitos Afectados actualizada do parque eólico experimental NED 1ª Fase (200 kW) e da súa liña eléctrica de evacuación de media tensión (20 kV), que se inclúe no anexo desta resolución, tras detectar erros na Relación de Bens e Dereitos Afectados á que se fai referencia no antecedente de feito anterior.

**Vixésimo sexto.** O 2.3.2020, esta dirección xeral notificou ás persoas interesadas as modificacións introducidas na Relación de Bens e Dereitos Afectados, á que se fai referencia no antecedente de feito anterior.

Anuncio publicado en: Num BOP 142 año 2020 (22/06/2020 08:00:00)

**Vixésimo sétimo.** O 27.3.2020, o promotor presentou unha corrección de erros da Addenda, relativa á lonxitude de 3.085 m do tramo aéreo de simple circuíto desde o apoio 1 P.A.S. ao apoio 17 P.A.S., que debería dicir de lonxitude 3.083 m.

**Vixésimo oitavo.** O 31.3.2020, a xefatura territorial achegou o informe de non afeccións a dereitos mineiros vixentes, o informe do cumprimento das limitacións á constitución de servidume de paso, de acordo co esixido no artigo 58 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, e no artigo 161 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, así como o informe sobre a Addenda á que se fai referencia no antecedente de feito vixésimo cuarto desta resolución.

**Vixésimo noveno.** O 23.4.2020, o órgano ambiental considerou que non existen obxeccións ao desprazamento do apoio núm. 16, en 10 metros en dirección leste, e do apoio núm. 17 coa súa arqueta, en 15 metros en dirección sur, sempre que se cumpra o recollido na Addenda, á que se fai referencia no antecedente de feito vixésimo cuarto desta resolución, e se teñan en conta as condicións que figuran na Declaración de Impacto Ambiental e no seu informe.

**Trixésimo.** O 8.5.2020, o promotor presentou unha declaración de conformidade de José Mel Redondo, como titular das parcelas 35, 36 e 37 da Relación de Bens e Dereitos Afectados que se inclúe no anexo desta resolución, ao desprazamento dos apoios núm. 16 e núm. 17 que afectan ás citadas parcelas.

**Trixésimo primeiro.** O 19.5.2020, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo informou que a Addenda, á que se fai referencia no antecedente de feito vixésimo cuarto desta resolución, non se trata dun proxecto sectorial nin de ningún outro instrumento de ordenación do territorio sobre o que teña atribuídas competencias, senón dun proxecto construtivo sobre o que o organismo indicado para a súa valoración urbanística é o concello afectado, neste caso o da Pastoriza, como competente para o outorgamento do preceptivo título habilitante municipal.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.** A Dirección Xeral de Enerxía e Minas é competente para resolver este procedemento con fundamento no Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no artigo 13 do Decreto 30/2011, do 17 de febreiro, polo que se establece o procedemento para a autorización de parques eólicos experimentais con alto compoñente de I+D+i na Comunidade Autónoma de Galicia, e no artigo 34.1 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

**Segundo.** No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites de procedemento establecidos no Decreto 30/2011, do 17 de febreiro, polo que se establece o procedemento para a autorización de parques eólicos experimentais con alto compoñente de I+D+i na Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 4/2014, do 8 de maio e pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e demais normas vixentes de aplicación.

**Terceiro.** En relación coas alegacións presentadas durante a tramitación do expediente, resumidas no antecedente de feito quinto, visto o seu contido e as respostas efectuadas polo promotor, cómpre manifestar o seguinte:

1. No que respecta ás solicitudes de desprazamento dos apoios 14, 16 e 17 da liña eléctrica de evacuación, o promotor atenderá ao desprazamento dos apoios 16 e 17, sen embargo, o promotor alega que non se poderá desprazar o apoio 14 por razóns técnicas.
2. En relación coa titularidade e características dos bens e dereitos afectados, tomouse razón de todas as manifestacións e documentos presentados polas persoas interesadas e corresponde á fase de levantamento de actas previas, dentro do eventual procedemento expropiador, a determinación efectiva da titularidade dos bens e dereitos afectados e das súas características (localización, extensión, tipo de aproveitamento,...), así como das afeccións reais do proxecto sobre eles.

De acordo con todo o que antecede e no exercicio das competencias que teño atribuídas, **RESOLVO**

**Primeiro.** Outorgar a autorización administrativa de construción para o proxecto de execución *Proyecto de ejecución del parque eólico experimental NED (1ª Fase) y línea de evacuación (Diciembre 2016)* visado polo ICAI o 27.2.2019 (Vis. 0118/19), coa súa *Adenda proyecto de ejecución parque eólico experimental NED (1ª fase) y línea de evacuación (Febrero 2020)* visado polo ICAI o 12.2.2020 (Vis. 0118/19), e asinados polo enxeñeiro industrial Pablo Fernández Castro, colexiado núm. 985/201.

As características principais das instalacións recollidas no proxecto son as seguintes:

Peticionario: Norvento Tecnología, S.L.

Enderezo social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María nº 23 27003 - Lugo

Anuncio publicado en: Num BOP 142 año 2020 (22/06/2020 08:00:00)

Situación: Concello da Pastoriza (Lugo)

Área de desenvolvemento eólico (ADE): I-2-6 (Pastoriza)

Poligonal de delimitación do parque (Datum ETRS89, fuso 29):

| Vértice | UTM-X | UTM-Y |
|---|---|---|
| 1 | 628.250 | 4.798.500 |
| 2 | 629.090 | 4.798.500 |
| 3 | 629.090 | 4.798.970 |
| 4 | 629.680 | 4.798.970 |
| 5 | 629.680 | 4.799.900 |
| 6 | 628.250 | 4.799.900 |

Posicións dos aeroxeradores (Datum ETRS89, fuso 29):

| Nº Aeroxerador | UTM-X | UTM-Y |
|---|---|---|
| NED01 | 628.703 | 4.799.332 |
| NED02 | 628.833 | 4.799.255 |

Posición da torre meteorolóxica (Datum ETRS89, fuso 29):

| Nº Torre | UTM-X | UTM-Y |
|---|---|---|
| TM_01 | 628.765 | 4.799.301 |

Número de aeroxeradores: 2

Potencia nominal máxima a instalar: 200 KW

Produción: 490 MWh/ano

Horas equivalentes: 2.450 heq

Orzamento de execución material: 797.763,17 €

As características técnicas principais das instalacións de xeración, transformación e interconexión do parque eólico experimental NED 1ª Fase e da súa liña eléctrica de evacuación son as seguintes:

Parque eólico experimental NED 1ª Fase (200 KW)

- 2 aeroxeradores cunha potencia unitaria de 100 kW, denominados PROTOTIPO 100KW e PRESERIE 100KW, cunha altura de buxa de 36 metros e cun diámetro de rotor de 24,5 metros.
- Rede colectora en baixa tensión con condutor tipo Al XZ1 0,6/1 kV, e en media tensión mediante condutor tipo Al RHZ1 2OL 12/20 kV.
- Centro de interconexión con instalación en baixa e en media tensión, cun transformador trifásico de illamento seco, potencia máxima de 800 kVA e relación de transformación 20/0,4 kV, e cos correspondentes equipamentos de control, comunicacións, servizos auxiliares, medida e protección.
- 1 torre meteorolóxica.

Liña eléctrica de evacuación de media tensión (20 kV)

- Un tramo soterrado de simple circuíto con orixe no centro de interconexión do P.E. experimental NED e final no apoio proxectado 1 de paso aéreo a subterráneo (P.A.S.), de 240 m de lonxitude, con condutor RHZ1 2OL 12/20 kV 95 $mm^2$.
- Un tramo aéreo de simple circuíto desde o apoio 1 P.A.S. ata o último apoio 17 P.A.S, de 3.083 metros, executado mediante apoios metálicos de celosía cun condutor por fase tipo LA-56.
- Un tramo soterrado de simple circuíto desde o apoio 17 P.A.S. ata o centro de reparto, de 250 m de lonxitude, con cable RHZ1 2OL 12/20 kV 95 $mm^2$.

Anuncio publicado en: Num BOP 142 año 2020 (22/06/2020 08:00:00)

- Centro de reparto para o reforzo da rede de distribución e para permitir a conexión a esta, formado por celas modulares illadas en SF6 de protección, medida e seccionamento, e un transformador de 50 kVA.

**Segundo.** Declarar a utilidade pública, en concreto, das instalacións do proxecto do parque eólico experimental NED 1ª Fase (200 kW) e da súa liña eléctrica de evacuación de media tensión (20 kV), segundo o previsto nos artigos 54 e 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o que leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación aos efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (BOE núm. 351, do 17 de decembro).

A presente resolución axustarase ao cumprimento das seguintes condicións:

1. A instalación eléctrica que se autoriza terá que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto de execución coa súa addenda aos que se lle outorga autorización de construción.
2. Norvento Tecnología, S.L. asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manteñan as condicións regulamentarias de seguridade.
3. En todo momento deberase cumprir canto establece o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09, aprobado polo Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro; o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade nas instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-RAT 01 a 23, aprobado polo Real decreto 337/2014, do 9 de maio; así como as demais normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación.
4. Previamente ao inicio das obras, o promotor deberá presentar ante esta dirección xeral o informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre as modificacións derivadas do desprazamento dos apoios núm. 16 e núm. 17 da liña de evacuación, tal e como o recolle o órgano ambiental no seu informe do 23.4.2020.
5. Previo ao inicio das obras, o promotor deberá presentar ante esta dirección xeral un estudo ambiental de sinerxias que inclúa ás infraestruturas de evacuación, así como as posibles afeccións a infraestruturas próximas.
6. Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria a autorización previa da Dirección Xeral de Enerxía e Minas; non obstante, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo poderá autorizar as modificacións de detalle do proxecto que resulten procedentes, debendo comunicar á dita dirección xeral todas as resolucións que diten en aplicación da citada facultade.
7. De conformidade coa disposición transitoria cuarta apartado 3, da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, o prazo para solicitar a autorización de explotación será de tres anos, contados a partir do presente outorgamento da autorización administrativa de construción. En caso de incumprimento, poderá producirse a súa revogación nos termos establecidos no apartado 10 do artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, ou norma que a substitúa.

   Unha vez solicitada a autorización de posta en servizo, a xefatura territorial será a encargada de autorizala tralas comprobacións técnicas que considere oportunas.
8. Conxuntamente coa solicitude de autorización de explotación das instalacións o promotor deberá presentar ante a xefatura territorial, un certificado de final de obra subscrito por técnico facultativo competente, no que conste que a instalación se realizou de acordo coas especificacións contidas no proxecto de execución aprobado, así como coas prescricións da regulamentación técnica aplicable á materia, de acordo co artigo 132 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro. Así mesmo, deberá presentar ante esta dirección xeral un plano "As Built" e outro plano cartográfico en formato "shape" das instalacións do parque eólico experimental e da súa liña de evacuación.
9. Unha vez construídas as instalacións autorizadas, e con carácter previo á súa posta en servizo, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo inspeccionará a totalidade das obras e montaxes efectuados e verificará o cumprimento das condicións establecidas nesta resolución e as demais que sexan de aplicación.
10. O parque eólico experimental e a súa liña de evacuación deberán cumprir cos requisitos que se recollan nos procedementos de operación aprobados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica, que lle resulten de aplicación.
11. No caso de que se manifestaren perturbacións na recepción do sinal da TDT, directamente atribuíbles ás instalacións do parque eólico, Norvento Tecnología, S.L. deberá adoptar as medidas necesarias para devolverlle á recepción do sinal as anteriores condicións de calidade.
12. De acordo co establecido no artigo 53.10 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o incumprimento das condicións e requisitos establecidos nas autorizacións ou a variación substancial dos presupostos que determinaron o seu outorgamento poderán dar lugar á revogación das autorizacións, previa audiencia do interesado.

Anuncio publicado en: Num BOP 142 año 2020 (22/06/2020 08:00:00)

13. Esta resolución emítese sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.
14. A presente resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de acordo co establecido no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Contra a presente resolución, que non é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 121 e 122, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2020.- O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces.

**Anexo:** Relación de Bens e Dereitos Afectados actualizada do parque eólico experimental NED 1ª Fase (200 kW) e da súa liña eléctrica de evacuación de media tensión (20 kV)

| Nº | PROPIETARIOS | | | | | | | PARQUE EÓLICO - AFECCIÓNS (m²) | | | LIÑA DE EVACUACIÓN - AFECCIÓNS (m²) | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | APELIDOS E NOME | DATOS CATASTRAIS | | | PARAXE | CULTIVO | PART. | PLENO DOMINIO | SERVIDUMES DE PASO | SERVIDUME DE VOO | SERVIDUME DE VOO | | | | APOIO | | SERVIDUME DE PASO | | OCUPACION TEMPORAL | ACCESO APOIO | |
| | | ZONA | POL. | PARC. | | | | ZAP-PLAT. | VIAL VIAL-GABIA | | METROS LINEAIS (ml) | CULTIVO PRIORITARIO 1 | CULTIVO PRIORITARIO 2 | TOTAL | NÚM. | OCUPACIÓN | GABIA (ml) | GABIA (m²) | | NÚM. | OCUPACIÓN |
| CONCELLO DA PASTORIZA | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 3 | MANUEL CALAZA CABANAS<br>MARÍA ISABEL CALAZA CABANAS<br>CARLOS ALBERTO CALAZA CABANAS<br>ANA CALAZA CABANAS | 7 | 40 | 20 | SANDE | EUCALIPTUS | 1/4<br>1/4<br>1/4<br>1/4 | | | | | 49 | | 49 | | | | | | | |
| 5 | JOSE PABLO COIDO RIO<br>(RPTE. JOSEFA COIDO SECO) | 7 | 10 | 76 | PIPIN | 1 - FRONDOSAS<br>2 - PRADO | 1 | | | | 179 | 3.579 | 2.287 | 5.866 | 2 | 2 | | | | | |
| 8 | JOSE PABLO COIDO RIO<br>(RPTE. JOSEFA COIDO SECO) | 7 | 2 | 80 | FONTE DA FRAGA | MATOGUEIRA | 1 | | | | 342 | 4.559 | | 4.559 | 3, 4(1/2), 5(3/4) | 5 | | | | | |
| 21 | CARLOS GONZÁLEZ REIGOSA | 7 | 2 | 38 | CHOUSA | PRADO | 1 | | | | 6 | 107 | | 107 | | | | | | | |
| 26 | CARLOS GONZÁLEZ REIGOSA | 5 | 4 | 8 | FERCIOS | EUCALIPTUS | 1 | | | | 111 | 1.613 | | 1.613 | | | | | | | |
| 27 | ANA VEIGA EDROSA | 5 | 4 | 9 | FERCIOS | EUCALIPTUS | 1 | | | | 73 | 940 | | 940 | 12 | 2 | | | | | |
| 28 | JOSE MEL REDONDO | 5 | 4 | 10 | FERCIOS | PRADO | 1 | | | | 133 | 2.245 | | 2.245 | 13(1/2) | 1 | | | | | |
| 31 | JOSE MEL REDONDO | 5 | 4 | 13 | FERCIOS | MATOGUEIRA | 1 | | | | 73 | 2.132 | | 2.132 | | | | | | | |
| 32 | MANUEL NIETO LÓPEZ<br>MARÍA DE LOS ÁNGELES SECO REIGOSA | 5 | 4 | 14 | FRAGA | EUCALIPTUS | 1 | | | | 101 | 1.563 | | 1.563 | 14 | 2 | | | | | |
| 35 | JOSE MEL REDONDO | 5 | 4 | 39 | PEREIROS | PRADO | 1 | | | | 84 | 967 | | 967 | 15(1/2) | 1 | | | | | |
| 36 | JOSE MEL REDONDO | 5 | 4 | 40 | PEREIROS | PRADO | 1 | | | | 53 | 532 | | 532 | 16 | 2 | | | | | |
| 37 | JOSE MEL REDONDO | 5 | 3 | 151 | PEREIROS | PRADO | 1 | | | | 80 | 705 | | 705 | 17 | 17 | 11 | 38 | | | |
| ARRENDATARIOS | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 3 | ENCE ENERGÍA Y CELULOSA S.A. | 7 | 40 | 20 | SANDE | EUCALIPTUS | | | | | | 49 | | 49 | | | | | | | |

R. 0976

Anuncio publicado en: Num BOP 142 año 2020 (22/06/2020 08:00:00)

# EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

*Anuncio*

**INFORMACION PÚBLICA**

Conforme ao disposto no art. 32.4 do R.D.L. 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese a información pública por espazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación no B.O.P. deste anuncio, a modificación aprobada no Pleno de 26 de febreiro último do Concello de Alfoz, do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

O PRESIDENTE, por decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón, A SECRETARIA XERAL, María Esther Alvarez Martínez.

R. 1160

---

# CONCELLOS

## CASTROVERDE

*Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía, do 15 de xuño de 2020, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de maio de 2020, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 15 de xuño de 2020.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R.1204

---

## MONTERROSO

*Anuncio*

Por decreto de 16 de xuño de 2020 aprobáronse as bases para a selección un socorrista para as piscinas municipais de A Peneda durante dous meses (xullo e agosto) como persoal laboral temporal a xornada completa:

-1 socorrista.

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes**: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cinco (05) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na páxina web www.monterroso.es

Monterroso a 16 de xuño de 2020.- O Alcalde, Antonio E. Gato Soengas.

R. 1205

---

## MURAS

*Anuncio*

**BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 EDUCADOR SOCIAL PARA O PROGRAMA DENOMINADO "FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2020**

**1º.- Obxecto da convocatoria.**

É obxecto da convocatoria, a selección de persoal para contratación laboral por obras e servizos, en base os criterios de publicidade de convocatoria, mérito e capacidade dos candidatos de conformidade co establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Real Decreto Lexislativo 781/1986, texto refundido da Lei do Estatuto Básico do

Anuncio publicado en: Num BOP 142 año 2020 (22/06/2020 08:00:00)

Empregado Público, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións de aplicación.

En canto a regulación das condicións do contrato estarase ó disposto no Real decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

**2º.- Características do contrato.**

A finalidade da contratación deste persoal e a realización de traballos de coordinación documental encaminada ao fomento e implantación de educación medioambiental relacionada ca subvención do Fondo de Compensación Ambiental 2020.

As carácterísticas da praza son as seguintes:

Grupo: A, Subgrupo 2

Escala: Administración Especial

Subescala: Técnica media

Número de prazas: unha

Titulación: Titulación Universitaria de Diplomado o Grado en Educación Social

A duración do contrato será ata o 28 de outubro de 2020.

O tipo de contrato será por obra ou servizo determinado e as retribucións a percibir son as seguintes: 1.310,04 euros/brutos/mensuais.

**3ª.- Sistema de provisión.**

Concurso-oposición

**4º.- Requisitos dos solicitantes.**

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir todas e cada unha das seguintes condicións:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función. As persoas con algunha minusvalía deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de minusválido e a súa compatibilidade acreditaránse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

d) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

f) Os nacionais dos demáis estados membro da Unión Europea ou os daqueles que teñan subscrito Tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea ratificados por España, deberán acreditar de modo fidedigno non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu estado o acceso á función pública.

g) Deberase acreditar o coñecemento do idioma galego coa presentación dos cursos de formación CELGA 3 ou a súa validación. No caso de non atoparse este requisito, deberán realizar unha proba de coñecemento do idioma.

h) Estar en posesión da Titulación Universitaria de Diplomado o Grado en Educación Social ou estar en condicións de obtelo, expedido conforme á lexislación vixente. En caso de titulacións obtidas no extranxeiro, se deberá estar en posesión das credenciais que acrediten súa homologación.

O cumprimento das referidas condicións entenderase referido a data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

**5ª.- Solicitudes.**

As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria deberán formularse en instancia dirixida ó Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Muras, segundo modelo que se facilitará nas oficinas municipais en horario de apertura ó público no rexistro xeral do Concello de Muras ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte ao do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

O horario de presentación no rexistro do Concello é de luns a venres de 8:00 a 14:00 horas.

Anuncio publicado en: Num BOP 142 año 2020 (22/06/2020 08:00:00)

Nas solicitudes farase constar:

- Manifestación de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira.

- Comprometerse, para o caso de resultar contratado, a respecta-los dereitos das persoas con estrita observancia da Constitución e da Lei.

- Currículum de méritos que se posúan e documentación xustificativa dos mesmos, co obxecto de valora-la súa aptitude para o desempeño do posto de traballo.

Tamén se presentará a documentación acreditativa dos méritos que se pretende sexan valorados e que figuran na base 7. A documentación a presentar será orixinal ou compulsada e aportarase de tal xeito que poida ser valorada convenientemente polo Tribunal Cualificador

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente dictará resolución, no prazo de cinco días, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluidos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando un prazo improrrogable de 10 días hábiles seguintes á publicación de dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do artigo 68.1 da LPACAP. De non existir persoas excluidas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de enmenda de defectos, o Alcalde-Presidente declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluidos, que se publicará no taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web do mesmo. Na dita resolución fixarase o lugar, data e realización das probas e establecerase a composición do Tribunal cualificador.

**6º.- Tribunal cualificador.**

O tribunal cualificador estará constituído por un Presidente, tres Vogais e un secretario que serán designados polo Alcalde-Presidente. O secretario deberá ser funcionario de carreira.

Tódolos membros do Tribunal deberán ter titulación igual ou superior ao esixido para o posto convocado, a súa composición tenderá a ser paritaria ente homes e mulleres.

Os membros do Tribunas deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así mesmo, poderán ser recusados polos aspirantes cando concorran causas previstas no artigo 24 da dita Lei.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar senón conta coa asistencia de mais da metade dos seus membros titulares ou suplentes, indistintamente; en todo caso requírese a presenza de Presidente e Secretario, na súa ausencia o Presidente será substituído polo vocal de maior idade e o Secretario polo vocal de menor idade.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que o estimen necesario. Ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas.

O Tribunal terá a categoría correspondente ó establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, percibindo os seus membros e asesores pola asistencia ás sesións as contías establecidas en dito Real Decreto.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros asistentes, as dúbidas e incidencias que se produzan na aplicación das presentes bases e no desenvolvemento do procedemento de selección, así como adoptar as medidas necesarias ao efecto.

**7º.- Selección de aspirantes.**

A hora e lugar de inicio das probas será publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello de Muras, os anuncios relativos ao desenvolvemento de probas, data, hora e resultados posteriores publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Tendo en conta a urxencia na contratación do persoal, poderase realizar no mesmo día máis dunha proba da fase de oposición.

A selección de aspirantes realizarase nas seguintes fases:

7.1 Primeira fase, valoración de méritos:

Para a valoración dos méritos deberán acreditarse cos certificados do órgano que corresponda ou copias cotexadas dos correspondentes documentos ou informes sociais. No caso de experiencia laboral xunto co certificado sobre as funcións desenvolvidas achegarase a vida laboral e os contratos de traballo.

a) Mulleres que acrediten a condición de víctimas de violencia, 1 punto.

b) Existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a conxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento, 1 punto.

c) Persoas desempregadas sen ningún tipo de prestación económica, 1punto.

d) Persoas desempregadas, 1punto.

Anuncio publicado en: Num BOP 142 año 2020 (22/06/2020 08:00:00)

e) Formación relacionada con posto de traballo solicitado, 1punto por cada curso ate u máximo de 5 puntos.

f) Experiencia laboral en postos semellantes ao solicitado, 0,1 puntos/mes, máximo 5 punto.

g) Persoal en risco de exclusión social ou de vulnerabilidade familiar que residan no Concello de Muras e coas que se estea intervindo dende o departamento de servicios sociais, 1punto.

h) Persoas cuxa renda per capita na unidade de convivencia real non supere o 60% do IPREM, 2untos.

i) Persoas cuxa renda per capita da unidade de convivencia real estea entre o 60% e o 100% do IPREM, 1punto.

Non se puntuarán méritos que non se xustifiquen coa documentación expresada.

7.2 Segunda fase: oposición.

Para poder realizar o exercicio da oposición os aspirantes deberán ir provistos dun documento identificativo da persoa (DNI ou semellante), e bolígrafo de cor azul. O procedemento selectivo consistirá na realización dos seguintes exercicios:

a) Contestación escrita a un test proposto polo tribunal sobre o programa do Anexo da convocatoria. O tempo máximo de realización será de dúas horas e a puntuación máxima será de 60 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 30 puntos. O Total de preguntas a formular, con tres respostas alternativas, das que unha delas será a correcta, será de 60. Cada pregunta acertada puntuarase con 1 punto. As respostas incorrectas ou non contestadas non restarán puntos.

b) Realización dunha proba práctica proposta polo Tribunal relacionada cos traballos a realizar, que constara de un ou varios exercicios prácticos nos que se avaliará o coñecemento e experiencia no desempeño do posto de traballo, entre 0 e 10 puntos.

7.3 Exercicio común e obrigatorio par tódolos candidatos que non acrediten o coñecemento do galego no nivel Celga 3 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal. Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, o tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

7.4 Cualificación final.

A cualificación final dos aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na totalidade do proceso, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación. O Tribunal proporá o nomeamento ao órgano correspondente dos aspirantes que acaden a maior puntuación.

Determinarase tamén unha lista de espera, por orde decrecente de puntuación, cos aspirantes que, tendo superado o proceso, non acaden suficiente puntuación para seren propostos. Esta lista de espera, elabórase aos efectos de cubrir posibles vacantes que se produzan ou ausencias por disfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, así como se se producira a baixa o renuncia dos seleccionados. A publicación das listas realizarase no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web. O rexeitamento na chamada provocará que o aspirante pase ao final da lista. En caso de empate, dilucidaráse o mesmo do seguinte xeito:

1º- maior puntuación na fase de oposición.

2ª- maior puntuaciónna fase de concurso.

3ª de persistir o empate, o mesmo resolverase mediante un sorteo.

A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

**8º.- Presentación de documentos e formalización de contrato.**

Con carácter previo a formalización do contrato os aspirantes seleccionados deberán xustificar adecuadamente no prazo máximo de tres días naturais contados a partir da publicación da resolución da convocatoria, que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións esixidas, a tal efecto, de non tela feito con anterioridade, deberán presenta-la seguinte documentación.

A) Fotocopia compulsada do D.N.I.

B) Copia auténtica ou fotocopia compulsada da titulación esixida.

C) Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade.

D) Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade.

E) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas do posto de traballo que se convoca, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

Anuncio publicado en: Num BOP 142 año 2020 (22/06/2020 08:00:00)

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-Presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista final establecida polo Tribunal.

Logo de formalizada a proposta do Tribunal e achegada a documentación polos aspirantes propostos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo dentro do prazo de tres días.

**9º.- Bolsa de traballo**

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos e presentados no procedemento selectivo (excluidos os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzcan ou as ausencias por desfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou as baixas ou renuncia dos seleccionados. A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá caracter rotatorio.

**10º.- Abstención e recusación.**

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**11º.- Recursos.**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Muras, 15 de xuño de2020.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

TEMARIO.

1. A Constitución española de 1978. Estructura e contido. Principios xerais. A reforma constitucional. Dereitos e deberes fundamentais.

2. O réxime local español. A administración local na Constitución. O principio da autonomía local. A Provincia e outras Entidades Locais: Referencia á Lei de Administración Local de Galicia con respecto a ditas entidades locais.

3. O procedemento administrativo: A iniciación do procedemento. A terminación do procedemento. A terminación convencional. A falta de resolución expresa. O réxime do silencio administrativo. O desestimento e a renuncia. A caducidade.

4. O acto administrativo. Requisitos e eficacia dos actos administrativos. A validez do acto administrativos. Supostos de nulidade e anulabilidade.

5. Os recursos administrativos. Clases de recursos: Recurso de alzada, recurso de reposción e recurso extraordinario de revisión.

6. A potestade sancionadora: Principios da potestade sancionadora e o procedemento sancionador.

7. Organización municipal nos concellos de réximen común: Organos necesarios. O Alcalde: competencias. Delegacións de atribucións. Os tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local.

